

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN VICENTE RISCO.

O secretario xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Fundación Vicente Risco, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Fundación Vicente Risco para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da obra de Vicente e Antón Risco. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra literaria e as figuras humanas de Vicente e Antón Risco, así como para darlle continuidade ao labor realizado polo escritor Vicente Risco nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.



As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Vicente Risco que ten por finalidade por unha parte, divulgar, preservar e dar a coñecer a figura de Vicente Risco como home e como intelectual e tamén, por suposto, do seu irmán Antón Risco, e por outra, dar continuidade ao labor emprendido polo escritor, unha das figuras máis importantes e complexas da historia da literatura galega, que conformou as bases do nacionalismo galego e da nova narrativa, defensor da Galicia dos labregos e mariñeiros, na que se garda a esencia da raza e o sentimento relixioso da terra.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Valentín García Gómez

